

CONTROL TEMA 8 DE CIENCIAS SOCIAIS- 6º DE PRIMARIA

Escribe no recadro la letra correcta.

1. A Idade Contemporánea comezou a finais do século... ☐
 - a. XVIII
 - b. XVII
 - c. XIX
2. A Revolución francesa de 1789 supuxo... ☐
 - a. A desaparición da soberanía nacional
 - b. A derogación da Constitución
 - c. O fin das monarquías absolutas en Europa
3. A división de poderes fala da división dos órganos que gobernan un país en ... ☐
 - a. Lexislativos, que elabora leis, executivo que fai cumprir a lei, e xudicial que administra o país
 - b. Lexislativos, que elabora leis, executivo que administra o país, e xudicial que fai cumprir a lei
 - c. Lexislativos que fan cumprir as leis, executivos que elaboran as leis, xudiciais que gobernan os países.
4. O seguinte cadro representa... ☐



- a. As revolucións burguesas en Italia durante o verán de 1830
- b. As revolucións burguesas en Francia durante o verán de 1840
- c. As revolucións burguesas en Francia durante o verán de 1830

5. As rotacións de cultivos, o uso da maquinaria nova para arar, segar e mallar e o cultivo intensivo do millo e a pataca, foron cambios debidos a... ☐
 - a. Revolución industrial
 - b. Revolución agraria
 - c. Revolución social

6. Vendo a seguinte imaxe podemos asegurar... ☐
 - a. Que nas fábricas soamente traballaban homes maiores de 18 anos
 - b. Que nas fábricas soamente traballaban maiores de idade homes ou mulleres
 - c. Que durante a revolución industrial houbo moita explotación infantil



7. En que consistiron os cambios democráticos? ☐
- a. En que os cidadáns puideron elixir aos seus representantes a través do voto
 - b. Ao aumento do poder dos monarcas
 - c. A aparición de repúblicas en toda Europa
8. Que función tiveron inicialmente os sindicatos? ☐
- a. Recibir subvencións do Estado
 - b. Pedir soamente melloras nos salarios
 - c. Solicitar unha serie de melloras entre elas o dereito ao paro
9. Os obreiros que traballaban nas cidades...☐
- a. Vivían en suburbios industriais en casas de luxo feitas para o seu descanso
 - b. Vivían en suburbios industriais nunhas condicións de vida moi duras
 - c. Non vivían nas cidades; se desprazaban ao campo todos os días para durmir
10. A sociedade que apareceu nesta Idade era unha...☐
- a. Sociedade estamental
 - b. Sociedade estamental de clases
 - c. Sociedade de clases
11. Que marcou en España nacemento da Idade Contemporánea? ☐
- a. Polo descubrimento de América
 - b. Polo uso da imprenta
 - c. Pola Guerra da Independencia


12. Que representa o seguinte debuxo? ☐



- a. As Cortes de Cádiz
- b. A celebración dunha misa
- c. A comunión do fillo dun representante do pobo de Cádiz

13. As cortes de Cádiz foron convocadas para...☐
- a. Impedir a invasión francesa
 - b. Impedir a invasión inglesa
 - c. Impedir a invasión alemán

14. A igualdade das persoas ante a lei e o seu dereito a elixir goberno mediante o seu voto foi recoñecido... ☐
- En 1815
 - En 1813
 - Na Pepa
15. Que feito aproveitaron as colonias españolas en América para iniciar os seus procesos independentistas? ☐
- A promulgación da Constitución
 - O caos causado pola loita entre liberais e absolutistas
 - A revolución burguesa
16. Durante o reinado de Isabel II España pasou a ser ☐ a monarquía parlamentaria con dous grupos políticos enfrontados...
- Os moderados que tiñan como obxectivo darlle máis importancia á Constitución e os Progresistas que pretendían aumentar o poder da raíña.
 - Os progresistas que tiñan como obxectivo darlle máis importancia á Constitución e os moderados que pretendían aumentar o poder da raíña.
 - Os moderados que tiñan como obxectivo darlle máis importancia á Constitución e os Progresistas que pretendían aumentar o poder da burguesía
17. Que é unha Carta Magna? ☐
- Unha lei
 - Unha carta feita aos representantes do pobo para pediralles algo
 - Unha Constitución
18. Como se chama a este tipo de gráficos? ☐



- Liña cronolóxica
- Lista de reinados
- Liña fonolóxica

19. Nesta época en Galicia... ☐
- Despuntou a industria conserveira e de salgadura
 - Naceu unha importante industria téxtil
 - Desenvolveuse a metalurxia

20. Nesta época no País Vascos... ☐
- a. Despuntou a industria conserveira e de salgadura
 - b. Naceu unha importante industria téxtil
 - c. Desenvolveuse a metalurxia

21. Nesta época en Cataluña.. ☐
- a. Despuntou a industria conserveira e de salgadura
 - b. Naceu unha importante industria téxtil
 - c. Desenvolveuse a metalurxia

22. Esta é unha imaxe do... ☐
- a. 1º ferrocarril en Europa
 - b. 1ª ferrocarril en Francia
 - c. 1ª ferrocarril en España



23. No Romanticismo... ☐
- a. O razoamento debe ser o que inspire a arte
 - b. Os sentimentos son os que deben inspirar a arte
 - c. Se busca unha visión obxectiva da arte

24. Emilia Pardo Bazán é a máxima representante do: ☐
- a. Realismo
 - b. Romanticismo
 - c. Impresionismo



25. Quen é o autor deste cadro chamado “Paseo á beira do mar” ☐
- a. Francisco de Goya
 - b. Joaquín Sorolla
 - c. Velázquez

26. Cal é o título deste cadro? ☐
- a. A pita cega
 - b. Saturno devorando un fillo
 - c. A familia de Carlos IV



27. Cal foi o detonante da 1ª Guerra mundial? ☐
- a. A morte do rei de Francia
 - b. A desaparición das colonias en América
 - c. O asasinato do herdeiro do Imperio Austrohúngaro

28. Que bandos se enfrontaron na 1ª Guerra Mundial? ☐
- a. A Tripla Alianza, formada polo Imperio Alemán, o Imperio Autrohúngaro e Italia e A Tripla Entente, formada por Francia, Gran Bretaña e Rusia, aos que se unen posteriormente Estados Unidos e Italia (tras cambiarse de bando).
 - b. O Eixe e os Aliados
 - c. Os Aliados e a Tripla Entente
29. O remate da 1ª Guerra Mundial, deixou unha grande inestabilidade política ☐
- a. Si
 - b. Non
 - c. Soamente na parte dos vencedores, A tripla Alianza
30. Canto durou o período de entreguerras? ☐
- a. 10 anos
 - b. 30 anos
 - c. 20 anos
31. Como se chamaba a organización creada durante o periodo de entre guerras para arbitrar nos conflitos entre países? ☐
- a. Sociedade das nacións
 - b. ONU
 - c. UNESCO
32. Que pasou no 1929? ☐
- a. Que rematou a época de prosperidade despois da 2ª Guerra Mundial
 - b. Que pecharon fábricas e incluso moitos empresarios se suicidaron ao perder todo
 - c. Que caíu a bolsa de Tokio, en Xapón
33. Que tiñan en común o fascismo de Italia e o nazismo de Alemaña? ☐
- a. Que ambos eran gobernados por un rei que mandaba en todo
 - b. Que ambos eran o partido político da oposición
 - c. Que ambos non dubidaran en usar a violencia contra os seus detractores
34. Que foi “ o cantor de jazz”? ☐
- a. A primeira película de cine sonoro
 - b. A primeira película muda
 - c. A primeira fotografía en color

35. Que países formaban o bando dos Aliados? ☐
- a. Alemaña, Italia e Xapón
 - b. Francia, Gran Bretaña soamente
 - c. Francia, Gran Bretaña e máis tarde a UEA e a Unión Soviética
36. Cantas persoas morreron como consecuencia do lanzamento das dúas bombas atómicas Hiroshima e Nagasaki? ☐
- a. 50 millóns de persoas
 - b. 50.000 persoas
 - c. 50 millóns de persoas
37. Que fixo Hitler nos campos de exterminio nazis? ☐
- a. Matar a millón de xudeus
 - b. Matar a todos os seus detractores
 - c. Matar a todos os animais de raza perigosa de Alemaña
38. Que separaba o muro de Berlín? ☐
- a. A Europa de Asia
 - b. Ao bloque capitalista e ao bloque socialista
 - c. Ao bloque comunista e ao bloque capitalista
39. Cal destas afirmacións é correcta? ☐
- a. Moitos países unificaron as súas culturas, mercados e sociedades a través dunha serie de transformacións globais no período entre a 1ª e a 2ª Guerra Mundial
 - b. Produciuse o fenómeno da globalización despois da Guerra Fría
 - c. Moitos países adquiriron personalidade propia e pasaron a ser aliados entre si
40. A ditadura de Franco foi a primeira do Século XX? ☐
- a. Non
 - b. Si
 - c. Si, houbo outras tres
41. Que goberno houbo en España do 1931 ao 1936? ☐
- a. A II República
 - b. A 1ª República
 - c. A Ditadura de Primo de Rivera

42. Un sistema de goberno democrático no que todos os cidadáns tiñan os mesmos dereitos e incluso, por vez primeira, as mulleres puideron votar. A creación de escolas para o ensino público, o aumento dos salarios dos obreiros, reparto de terras entre o campesiñado e a aprobación dos primeiros Estatutos de Autonomía, foron entre outras feito conseguidos ..☐
- a. A 1ª República
 - b. A 2ª República
 - c. A Ditadura de Primo de Rivera
43. Con que feito comezou a Guerra Civil española? ☐
- a. Co golpe de estado de Primo de Rivera
 - b. Co golpe de estado do Coronel Tejero
 - c. Co golpe de estado de Franco
44. Cal foi o bando que apoiou á sublevación do xeneral Franco? ☐
- a. O bando nacional
 - b. O bando republicano
 - c. A tripla Alianza
45. Cal destas afirmacións é correcta sobre a Guerra Civil Española? ☐
- a. Trala Guerra Civil Española, España quedou devastada e cunha tremenda crise económica
 - b. Os últimos lugares en renderse foron Barcelona e A Coruña
 - c. Durou 5 anos
46. A ditadura de Franco... ☐
- a. Eliminou a Constitución, concentrou os poderes do estado nel e so existía un partido político, pero permitiu a existencia de varios sindicatos para defender aos traballadores
 - b. Eliminou a Constitución soamente
 - c. Eliminou a Constitución, concentrou os poderes do estado nel e so existía un partido político e un so sindicato controlado por el.
47. Que pasou cando morreu Franco? ☐
- a. Que Felipe II foi nomeado rei
 - b. Que se aboliu a Constitución
 - c. Que se comezou a transición cara á democracia
48. A Constitución de 1978, que declarou a Monarquía parlamentaria, é a mesma pola que nos rexemos agora no 2021? ☐
- a. Non
 - b. Si, pero coa meirande parte dos artigos modificados
 - c. Si

49. Este cadro corresponde a corrente artística do: ☐

- a. Modernismo
- b. Expresionismo
- c. Surrealismo



50. Como se chama o autor desta construción? ☐

- a. Gaudí
- b. Dalí
- c. Miró

51. Plcasso foi o máximo representante do.... ☐

- a. Cubismo
- b. Realismo
- c. Modernismo

52. Cal é o nome desta pintura cubista? ☐

- a. Guernica
- b. Corrida de toros
- c. O susto




53. Que pasou no ano 1933 en Galicia? ☐

- a. Se afianza o Reino de Galicia
- b. Que se divide nas catro provincias actuais
- c. Que Portugal comeza a ser parte do Reino de Galicia

54. Que foi o caciquismo? ☐

- a. O goberno do pobo
- b. O goberno do pobo xunto cos poderosos
- c. O goberno dos máis poderosos que gobernaban ao resto da poboación no troco de favores ou de amedrentalos

55. Quen dirixiu o movemento nacionalista xurdido en Galicia a principios do Século XX? ☐
- a. O xeneral Franco
 - b. Alfonso Rodríguez Castelao
 - c. O xeneral Primo de Rivera
56. En que bando quedou Galicia durante os anos 1936 e 1939? ☐
- a. Do bando de Franco
 - b. Do bando Republicano
 - c. Do bando capitalista
57. En 1981, se aprobou o Estatuto de autonomía Galego, que recoñece a capacidade de autogoberno e o dereito de todos e todas as galegas a usar o seu idioma. Nembargantes, estivera a piques de aprobarse antes desta data ☐
- a. Si, pero non se aprobou polo estalido da Guerra Civil Española
 - b. Non
 - c. Se aprobou pero logo de derogou



58. Esta imaxe representa o nacemento dun movemento de nome... ☐
- a. Rexurdimento
 - b. Nacionalismo
 - c. Caciquismo

59. Escribe a palabra que se corresponde con cada definición. ☐
- a. Técnica de cultivo que consiste en dividir a terra en parcelas, deixando unha delas baleira para que descanse e logo sexa máis produtiva.
 - b. Lei suprema dun Estado. É a encargada de establecer o seu funcionamento, organización, estrutura política, dereitos e garantías dos habitantes dese estado. Por tanto, é un documento identificativo que diferencia un estado doutro. Sen el sería imposible a existencia dun estado democrático.
 - c. Distribución das funcións do Estado en tres eidos: o executivo (labores de goberno), o lexislativo (elaboración de leis) e o xudicial (exercicio ou cumprimento das mesmas).